



pre-texto 54

Dende a Programación Expandida do TRCDanza 2019 e con motivo da presentación de “Happy Island” de La Ribot o vindeiro 5 de outubro no Teatro Rosalía de Castro de A Coruña, convidamos á escritora e xornalista portuguesa Claudia Galhós á elaboración deste Pre-Texto.

Claudia Galhós é unha escritora e xornalista portuguesa; escribe sobre artes performativas en xeral e danza en particular para distintos medios dende 1994 e, dende 2005, para o semanario “Expresso”. Foi editoria da revista de cultura televisiva “Palcos Agora”. É autora de libros de ficción e de danza e artes performativas como “15 anos – O Espaço do Tempo” (2016, centro de residencias artísticas de Montemor-o-Novo, de Rui Horta), “Pina Bausch – Sentir Mais” (2010, Don Quixote), “Corpo de Cordas – 10 anos da Companhia Paulo Ribeiro” (2006, Assírio & Alvim). Como coordinadora editorial de libros, destaca “There is nothing beyond our imagination” (2015, publicación da rede europea “Imagine 2020 – Art and Climate Change”, de 10 teatros europeos, liderada polo Kaaitheater de Bruxelas).

Claudia Galhós sobre La Ribot.

* Tradución ao galego do orixinal en portugués

DESVIANDO
COA DIFERENZA

Precisamos novos nomes, novas palabras, para falar dun mundo no que xa tivésemos superado prexuízos, no que non vivésemos coa constante ameaza do retroceso. A compañía Dançando com a Diferença (Danzando coa diferenza) segue a manter o nome co que a fundou Henrique Amoedo en 2001, aínda que a estrea de “Happy Island”, creada por La Ribot en 2018, amosa claramente que o lugar onde está hoxe xa é outro, diferente daquel onde comezou, a pesar das inmensas fraxilidades, algunhas menos boas, como as económicas, e outras marabillosas, como as poéticas e naturais do ser humano que cumpre o

seu potencial ao mesmo tempo que se dá como é. A danza inclusiva, hoxe, é unha visión distante que fica só como inicio da historia.

Xa hai un camiño percorrido. Aínda que desde o arranque se sitúe na danza contemporánea, unha das primeiras creadoras convidadas para crear Dançando com a Diferença foi Ivonice Satie, con experiencia na danza clásica, xa que foi bailarina do Ballet da Cidade de São Paulo e do Ballet de Xenebra. En 2003 creou “Passion” (Paixón). Tamén pouco despois do inicio, Henrique Amoedo, como director artístico e fundador do proxecto, crea unha primeira peza que se revelou emblemática da identidade da compañía: “Menina da Lua” (Menina da lúa).

Son pouco mais de cinco minutos dunha inmensa tenrura que recrea a descuberta mutua entre dúas persoas, nesa permanente revelación da presenza do outro a cada xesto, como se simplemente acariciar xurdise co esmagamento dun sopro revelador. Bárbara Matos tiña 9 anos e un diagnóstico de trisomía 21, cuxa expresión facial non permitía dúbidas, moitas veces pechada en si. Non obstante, a través da danza (e todo o demais que Henrique foi desafiando arredor desta) Bárbara abriuse, desenvolveu o exercicio de repasar as experiencias do que xa fixera e, mesmo que deliciosamente torpe, aprendeu a dominar o xogo da repetición, que é o do espectáculo. No escenario, Bárbara vibra. A bonequiña entenedora tornouse bailarina, ten 25 anos, e o xogo do estrañamento permanente da danza, para ela, é territorio familiar.

Henrique creou a “Menina da Lua” en 2003, como un dueto que compartía con Bárbara. Agora Henrique Amoedo xa non baila, sendo substituído por Telmo Ferreira, que entrou na compañía como bailarín aos 11 anos (hoxe ten 29), cunha historia persoal que daría para moitos enredos mais imposible de descodificar a primeira vista e que gañou o seu espazo e o seu lugar naquel colectivo como bailarín, mais tamén como asistente de creación –o que aconteceu na peza de La Ribot– e é hoxe Presidente da Associação Dançando com a Diferença. “Menina da Lua” aínda é unha evocación poética e algo etérea de dous corpos, dúas entidades, que se descubren ao mesmo tempo que enuncian as posibilidades desa danza por vir. Foi un comezo delicado, tenro, que, a pesar da dozura dos ollares e dos xestos trocados e da desmesurada diferenza de escala entre o home inmenso (Henrique) e a fraxilidade da nena (Bárbara), tenteando formas de aproximación incertas, deseña un caos ordenado que reborda de delicadeza sen se aproximar dunha forma falsamente apracible. Así pois coexisten dozura e perturbación.

Cando Henrique Amoedo creou Dançando com a Diferença en Madeira, traía xa a experiencia adquirida na práctica do proxecto Roda Vida Cia. de Dança, do que foi cofundador (e que dirixiu de 1995 a 1998), nacida do natural desenvolvemento dun proxecto iniciado no Río Grande do Norte (Brasil), dirixido a Dança para Pessoas Portadoras de Deficiência (Danza para Pessoas Discapacitadas) do Departamento de Artes (da UFRN) e o Programa Interdisciplinar de Reabilitação na Lesão Medular (Programa Interdisciplinario de Rehabilitación da Lesión Medular) desenvolvido polo Departamento de Fisioterapia da mesma institución. Non obstante, Henrique foi reunindo os coñecementos adquiridos na práctica co estudo teórico, o que o levou à pescuda e desenvolvemento do concepto de Danza Inclusiva na Facultade de Motricidade Humana da Universidade de Lisboa. Trouxo o proxecto para a illa de Madeira por invitación do goberno da Rexión Autónoma da Madeira (a través da Dirección Rexional de Educación Especial).

Que tal proxecto con este folgo e esta visión se desenvolva con tal amplitude internacional a partir do pequeno e illado arquipélago de Madeira podería parecer insólito, mais para Henrique é natural, resulta do xerme que encontra xa en desenvolvemento na illa dun servizo de educación especial pioneiro nas estratexias e técnicas utilizadas no traballo con persoas con discapacidade. “A terapia xa se desenvolvía a través da música”, lembra Henrique, “así como no teatro e nas artes visuais”. Henrique trouxo a vertente da danza e a proposta da vía da inclusión, que exixía o fin de segmentar, sen illar, persoas con discapacidade, e incluíndo persoas sen discapacidade nese traballo. “Nesta vía é onde comeza unha grande modificación na illa como un todo, o que acaba contaminando dun xeito positiva o traballo da música, o teatro e as artes visuais, que pasan a ser inclusivos”. Non obstante, polo mundo tamén se disemina un ideal de inclusión. O contexto xeográfico de Madeira, o seu illamento e a escala (741 quilómetros dunha rica flora e fauna en pleno Océano Atlántico), tamén trouxo vantaxes para Henrique, “A proximidade permitiu que, ao inicio, puidese chegar a un número maior de persoas e moito mais rápido”.

En 2005, a estrea de “Levanta os Braços como Antenas para o Céu” (Levanta os brazos como antenas cara o ceo), de Clara Andermatt, marca unha nova ruptura. “É o primeiro grande choque, cando quebramos a liña de proximidade ao que é recoñecido como danza e aceptado polo público. Clara expón os corpos, expón as persoas”. Durante a creación da peza, Clara repetía unha petición: “menos danza, menos danza, quérovos en escena”. Hoxe, Henrique non ten dúbidas, o resultado artístico desa petición é, “loxicamente, a maior exposición deles mesmos”. O público de Dançando com a Diferença neses anos era aínda familiar, maioritariamente de Madeira. A peza de Clara colleitou reaccións de choque.

Curiosamente, “Levanta os braços...” afirmouse pola súa lonxevidade, tendo sido posta en escena por última vez en 2013. “É como se, despois dun estrañamento inicial”, di Henrique, “as persoas se fosen habituando a aquela linguaxe, a ver aqueles corpos expresaren quen son”. Houbo outras rupturas, ou desvíos, que foi experimentando polo camiño, con coreógrafos portugueses como Paulo Ribeiro ou Rui Horta, ata chegar a La Ribot. “Happy Island” é exuberancia, pero tamén é a exposición do que eles senten, dos sonhos de cada un. Non deixamos de traballar a individualidade, non deixamos de procurar comunicar o que é mais profundamente deles”. Esa especificidade da individualidade dos corpos xa estaba conquistada. “O desvío agora é outro”, prosegue Henrique, “é ir descubrindo, dentro desa linguaxe que vai sendo compartida co público, o que podes aínda romper e desvelar outros espazos estéticos que explorar. Iso implica tamén pensar nos creadores e o que cada creador pode traer que engada algo a cada un deles”. Mas para chegar á “illa feliz”, delirante, desexosa, excéntrico, sensual, de La Ribot, foi preciso pasar pola mestura de exuberancia expresiva, distanciamento e humor requintado, colorido, de Tânia Carvalho, con “Doesdicon”, en 2017.

Desde o inicio nace o impulso cara o desvío, que se acentúa claramente co Tânia Carvalho. Henrique chámalle “o desvío constante, desviando coa diferenza”. Tânia crea un mundo propio, un novo estrañamento dentro do estrañamento daqueles corpos, resultando unha obra maxistral de danza contemporánea. “Tânia difire de todo o resto. Para min, asociaba a Tânia a un traballo sombrío, que me forzaba a tentar percibir o que estaba oculto. A cuestión da invitación era: como será Tânia creando cos bailaríns de Dançando? Certamente ía traballar con cada un, ía desvelalos, ía destapar o veo que cobre a cada un, mais aló do que xa se amosara nos espectáculos anteriores. Sabía que ía ser diferente”.

Mentres Henrique lembra o encontro con Tânia, dáse conta dunha descuberta: “a beleza dos significados escondidos tamén existe a outros niveis”. E explica: “Cando Tânia me dixo cal seria o título, iniciamos unha conversa que parecía de xordos. Ela díxome: Chámase “Doesdicon”. Eu insistín: Que significa ese título? Con moita paciencia, mas sen querer revelar moito, Tânia deixa escapar: Henrique, está escondido. Eu teimaba: Non entendo. A Tânia permanecía inmutábel e repetía: Está escondido...” Agora, mentres Henrique lembra a conversa, ten unha miniepifanía. “Para min, Tânia é o escondido, era un exercicio de extraer de cada un o que estaba escondido e, ao final,

pre-texto 54

Tânia bautiza a peza co nome de “Doesdicon”, que é un anagrama de escondido. Só agora fixen esa asociación”.

A compañía Dançando com a Diferença é un caso único no mundo, e un dos aspectos mais raros da súa historia, alén da diferenza da personalidade de Henrique Amoedo e todos os bailaríns que a constitúen, é o da capacidade da continuidade. Unha continuidade non tanto do proxecto en si, que aínda así é asombroso que continúe fronte as adversidades da sociedade na que vivimos – unha sociedade do descartable que, tamén na danza, ten sobrevalorado o corpo ultravirtuoso, áxil e fisicamente levado ao límite – investindo no desenvolvemento en continuidade, paciente, e a todos os niveis, da esfera humana dos bailaríns. É certo que hai entradas e saídas, até porque o proxecto “Dançando con a diferença” se subdivide en diferentes grupos, con características moi diversas e graos de capacidade de expresividade física distintos, mais hai moitas historias de percorridos longos de bailaríns. Madeira, a súa circunstancia xeográfica de proximidade, permite a Henrique ser mais “ousado” nas cuestións de autonomía, que despois van ter consecuencias positivas no desempeño nos espectáculos. “Por exemplo, podo dicir a un pai ou a unha nai que precisa deixar ao fillo/a vir só ao ensaio, que o suba no autobús e o deixe vir. Até xogo cos pais, cando digo: “se eles se perden, só temos de esperar o tempo que tardan en baixar do autobús e chegar ao mar”. O factor xeográfico interfere porque todo é mais próximo, todo é menor, iso dá seguridade. Podo ousar nas actividades diarias pero tamén podo ousar no repertorio porque hai unha forma diferente de seguridade total, que os pais creen e que as familias creen”. Non obstante, o contexto de proximidade xa se foi expandindo, porque, desde 2017, a compañía ten un primeiro núcleo funcionando en Vi-seu, fóra de Madeira.

En 2012 foi iso mesmo o que Henrique Amoedo fixo na creación dunha peza para a comunidade de Dançando com a Diferença, que chamou “Endless”, e na que tratou a Segunda Guerra Mundial e o Holocausto. Foi de novo un choque para o público. A súa resposta a cuestións como “Vostedes, un grupo con discapacitados, precisan tratar iso?” era: “E por que non? E logo os discapacitados non morreron nos campos de concentración?” E lembra que o proceso de creación foi enriquecedor para todos, ata parte do grupo foi a visitar Auschwitz.

Con La Ribot a ousadía foi outra. O nome era, para Henrique, un mito inalcanzable que xerou un encontro histórico, por cousas do destino, que ten o nome de Paz San-

ta Cecília, amiga e produtora de La Ribot, que serviu de “madríña casamenteira” do encontro. “O “Happy Island”; trouxo unha cousa nova. O público reacciona moi ben á peza aínda que percibe que hai unha linguaxe nova, que penso que ten que ver coa forma na que La Ribot coloca todo en escena. É unha linguaxe dela mas tamén é deles, do día a día, dos sonhos, dos desexos, da excentricidade, que non asociamos normalmente a persoas con discapacidade. Entón, o público dun xeito xeral pregúntase “¿Que é isto? ¿Onde me metín?”

La Ribot inaugura así unha nova etapa de Dançando com a Diferença que se aproxima aos 20 anos de existencia. O nome, Dançando com a Diferença, e a idea de danza inclusiva (ou o seu xenérico de arte inclusiva) xa non abundan. A arte, unha arte sucia de humanidade e desexo, sobreponse, exixindo a institución doutro nivel de igualdades (ou diferenzas) estéticas e eróticas. “É obvio que hai un posicionamento político”, di Henrique, “que levanta outras cuestións. Cando pos a persoas con discapacidade asumindo ese territorio dentro do universo da danza sen ningún rótulo, o que fan é abrir un novo espazo, conquistar un espazo que ata hai pouco non sería posible para esas persoas. É lóxico que estriquemos a corda un pouco mais. Penso que ese é un dos principais obxectivos do noso traballo, abrir espazo, xerar condicións para nós e para os que veñan despois. O concepto de danza inclusiva actual xa non pode ser só unha chea de xente con e sen discapacidade danzando xuntos e facendo espectáculos. A danza inclusiva, para min, prepara aos bailaríns, estou a falar dunha preocupación técnica e artística, pero tamén traballa a cada un para ser unha persoa mellor, para ser autónomo, para ser independente, para ter opinión. Xuntando todo iso, vou ter un bailarín mellor e unha persoa mellor, que pode cumprir un itinerario normal de calquera compañía de danza, co calendario exixente das xiras internacionais que agora temos”. Este é só o comezo da historia...

pre-texto número 54, publicado o 3 de outubro de 2019.

Este texto foi escrito por Claudia Galhós para o programa Tanz im August de Berlín e traducido para o Proxecto de Programación Expandida do TRCDanza 2019 para a liña de publicacións denominada “PreTextos” na que un profesional é convidado a poñer en contexto a obra dun determinado artista convidado ao programa TRCDanza, programa estable de danza do Teatro Rosalía de Castro de A Coruña.